

OBRADOIRO DE ESCRITA DRAMÁTICA: ANTES DE ERGUER O PANO!

Sesión 1ª: Que é un texto teatral?

- Lectura en alto da peza de teatro infantil *Pampón tiña razón*. Nesta lectura participan todos os nenos e nenas da aula, lendo cada un deles un dos personaxes. Ao remate comentamos as características dun texto teatral e as diferenzas respecto a un texto narrativo.
- Para traballar a escrita dunha peza teatral repartimos os nenos e nenas en dous grupos. No grupo chamado dos **Animais** están Noel, Alba, Santi, Roberto, Michael, Liana e Adrián. No grupo dos **Bocexas** están Uxía, Cristián, Esteban, Brenda, Patricia, Jéssica e Damián.

Sesión 2ª: Que peza de teatro queremos escribir?

- Lectura en alto da peza de teatro infantil *O Teatro dos Soños*. Nesta lectura participan todos os nenos e nenas da aula, lendo cada un deles un dos personaxes. Ao remate afondamos nas características dun texto teatral e falamos nos diferentes xéneros dramáticos.
- Os dous grupos de nenos e nenas, *Os Animais* e *Os Bocexas* comezan deciden que peza de teatro queren escribir. *Os Animais* prefiren unha obra de misterio e suspense con asasinatos e mortos. *Os bocexas* prefiren unha comedia de enredo, de moito rir, e que todo o mundo estea tolo, tolo, tolo...

Sesión 3ª: Deseñamos o argumento.

- Lectura en alto da peza de teatro infantil *O mexillón*. Nesta lectura participan todos os nenos e nenas da aula, lendo cada un deles un dos personaxes. Ao remate afondamos nas características dun texto teatral, sobre todo no que se refire as diferentes partes dun texto teatral, argumento e aos personaxes.
- Os nenos e nenas de ambos grupos elixen os personaxes para as súas pezas. Cada un deles elixe un personaxe, do que terá que escribir posteriormente o seu diálogo. Ambos os dous grupos idean os argumentos das súas obras. *Os Animais* situarán a súa peza nunha piscina pública, e *Os Bocexas* nun avión.

Sesión 4ª: Comezamos a escribir os diálogos.

- Baseándonos no argumento escrito na sesión anterior, os nenos e nenas comezan a escribir os diálogos. Para axudarlles na escrita, facemos actuacións improvisadas que lles axudan a descubrir que frases din os personaxes.

Sesión 5ª: Rematamos.

- Na última sesión do obradoiro os nenos e nenas rematan de escribir as súas pezas. Tamén elixen título das mesmas por votación: *Un avión tolo, tolo, tolo...* é a obra dos *Bocexas* e *Quen cagaría na piscina?* a dos *Animais*.
- Facemos un resumo de todo o obradoiro.
- Convencemos á mestra do curso, María, para que ensaie con eles as dúas pezas, e se representen no festival de fin de curso.